

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 18 DE MAIO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada municipal O Mesón Novo-Chao de Vaga (018-001) a prol da Deputación Provincial de Lugo e o cambio de titularidade a prol do Concello da Fonsagrada das estradas de titularidade provincial LU-P-1905 e LU-P-1902.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as tres universidades galegas da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de fortalecemento da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento (RGCUD) 2018-2019, por un importe total de cento sete mil cincocentos setenta e sete euros (107.577 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Instituto Tecnolóxico de Galicia para a revisión e a actualización da base de datos da construción en Galicia no período 2018-2021, por importe de trescentos dezaseis mil euros (316.000 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se determina o importe global dos contratos reservados a centros especiais de emprego (CEE) e empresas de inserción laboral (EIL) para o ano 2018 e se dá conta do seguimento da reserva destes contratos na anualidade 2017.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións novas de I+D+i, por un importe dun millón setecentos nove mil euros (1.709.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 2060 m², feita a título gratuito polo Concello do Saviñao a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun novo centro de saúde.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por un importe total de catrocentos oitenta mil euros (480.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das addendas aos convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e varias entidades locais para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, por importe de catrocentos dezasete mil douscentos oitenta e un euros con vinte e oito céntimos (417.281,28 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado da Orde pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas para formación de persoal en temas de investigación mariña e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, por un importe de cento sesenta e tres mil douscentos euros (163.200 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE), a igualdade laboral e a conciliación laboral e persoal, ano 2018.
- Informe sobre a Resolución da orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) para o ano 2018.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe das medidas que se adoptarán para mellorar o procedemento de valoración da discapacidade.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E AO CONCELLO DA FONSGRADA O INTERCAMBIO DA TITULARIDADE DE VARIAS ESTRADAS

- *A Deputación transfire as estradas LU-P-1905 e LU-P-1902 a prol da Fonsagrada, e a estrada municipal Mesón Novo-Chao de Vaga pasa a ser titularidade do organismo provincial*
- *O cambio de titularidade tramítase conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, logo de informe favorable dos organismos implicados*
- *Coa transferencia, a Deputación provincial e o Concello serán os responsables destas vías e vías e asumen a responsabilidade da súa conservación e mantemento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a autorización á Deputación Provincial de Lugo e ao Concello da Fonsagrada do intercambio da titularidade de varias estradas, segundo solicitaron ambas as administracións.

Co obxectivo de racionalizar a xestión da rede de estradas, o Concello da Fonsagrada solicitou o cambio de titularidade da estrada municipal O Mesón Novo-Chao de Vaga a prol da Deputación de Lugo, por considerar que é de maior tránsito e, por tanto, ten maiores necesidades de conservación. E, ao tempo, solicitou a Deputación luguesa a transferencia ao Concello das estradas de titularidade provincial LU-P-1905 e LU-P-1902.

O Concello da Fonsagrada e a Deputación Provincial de Lugo acordaron impulsar así o expediente de transferencia destas estradas. A Deputación emitiu un informe favorable sobre os cambios de titularidade e solicitoulle á Consellería de Infraestrutura e Vivendas a transferencia da estrada municipal O Mesón Novo-Chao de Vega, que discorre por terreos dedicados á explotación gandeira, así como o cambio de titularidade a prol do Concello da Fonsagrada das citadas vías provinciais.

A transferencia destas vías a prol do Concello da Fonsagrada e da Deputación Provincial de Lugo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, o Concello da Fonsagrada e a Deputación Provincial de Lugo terán a competencia para actuar na súas respectivas vías e asumen a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O cambio de titularidade destas estradas formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA COLABORA COAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS PARA FORTALECER A REDE UNIVERSITARIA DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- *O Goberno galego achegará máis de 82.000 euros para mellorar a colaboración das universidades galegas como axentes de cooperación ao desenvolvemento*
- *O IV Plan director da cooperación galega avoga polo fortalecemento da capacidade institucional dos actores e axentes galegos de cooperación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Vicepresidencia e as tres universidades galegas (USC, UDC e UVigo), para levar a cabo o proxecto de fortalecemento da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento (RGCUD), que contará cun orzamento de 107.577 euros. Este acordo da cumprimento aos compromisos establecidos no IV Plan director 2018-2021, actualmente en tramitación parlamentaria, e no Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2018 que inclúe tamén esta colaboración.

O proxecto terá como obxectivo mellorar a posición do Sistema universitario de Galicia (SUG) como axente de cooperación ao desenvolvemento a través do fortalecemento das capacidades da comunidade universitaria galega para pór en marcha actuacións en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento. E liderar a aprobación dunha estratexia común para a implementación da Axenda 2030 nas tres universidades galegas

Desde o ano 2014, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE vén apoiando o esforzo das tres universidades galegas na creación, consolidación e fortalecemento dunha Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento, o que ten permitido o fortalecemento das capacidades das universidades galegas como axente de cooperación, o establecemento dun plan de formación continuo do seu persoal nesta materia, e a identificación de proxectos, colaboracións e iniciativas de cooperación para o desenvolvemento nas cales participan as universidades galegas, entre outros.

O custo total do proxecto estímase en 107.577 euros, dos cales a Xunta achegará a cantidade de 82.577 euros repartidos en dúas anualidades: 42.570 euros no presente ano e 40.007 euros o ano que vén. As universidades achegarán o 23 por cento restante para cubrir o custo total do proxecto, o que supón a cifra de 25.000 euros.

A cooperación galega recolle como obxectivo o fortalecemento da capacidade institucional dos actores e axentes galegos de cooperación para un maior alcance das súas actuacións, para o cal apoia a súa formación, capacitación e fortalecemento. Entre os axentes galegos de cooperación, as universidades teñen un papel destacado e que se está a potenciar nos últimos anos.

Doutro lado, o Plan anual 2018 sinala a necesidade de seguir afondando na colaboración coas universidades galegas nos eidos da investigación, formación, sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento, e na aplicación da Axenda 2030, para o cal se considera a importancia de continuar co apoio á RGCUD e de convertela nun factor clave para situar o SUG como actor relevante de cooperación.

A XUNTA APROBA A ACTUALIZACIÓN DA BASE DE DATOS DA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA E IMPULSA MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO RADON EN EDIFICIOS DE USO RESIDENCIAL XA EXISTENTES

- *Trátase dunha eficaz ferramenta de traballo destinada aos axentes vinculados ao sector, que conta cun orzamento total 360.000 euros para o seu desenvolvemento*
- *Utilízase para a elaboración de presupostos de obra e como elemento de consulta, e é referencia nos proxectos e cálculos de orzamentos das liñas de axudas á vivenda da Xunta*
- *A sinatura do convenio permite revisar e actualizar anualmente os prezos da man de obra e os produtos*
- *A base de datos é de titularidade conxunta da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e do Instituto Tecnolóxico de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Instituto Tecnolóxico de Galicia para a revisión e actualización da Base de datos da construción de Galicia e para impulsar medidas de protección fronte ao radon en edificios de uso residencial xa existentes.

Coa aprobación deste convenio a Xunta realizará estudos, informes técnicos e guías en colaboración cos seus técnicos, e está previsto que o primeiro destes traballos sexa a confección dunha guía de solucións construtivas para a protección fronte ao radon en edificios xa existentes de uso residencial. Posteriormente deberán incorporar á base de datos as unidades de obra e materias que se definan na dita guía.

A Base de datos é unha eficaz ferramenta de traballo para o sector da construción na Comunidade Autónoma e o propio Goberno galego, que conta cun orzamento total 360.000 euros para o seu desenvolvemento ata 2021.

A base de datos está destinada aos axentes vinculados ao sector da construción para a elaboración de presupostos de obra e como elemento de consulta, esta Base de datos serve tamén como referencia á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, tanto na redacción de proxectos propios como no cálculo de orzamentos relacionados coas diferentes liñas de axudas á vivenda.

Contén os prezos básicos de maquinaria, man de obra, produtos e materiais empregados na construción e unha parte importante das unidades de obra empregadas en edificación, urbanización (obra civil, restauración, mantemento e seguridade) e saúde laboral. Ao tempo, inclúe pregos de condicións, gráficos e textos que poden ser empregados ao desenvolver un proxecto.

A sinatura deste convenio permite a revisión da base de datos, polo que se revisarán e se actualizarán os prezos contidos nela, de acordo coa normativa técnica en vigor e a que se poida aprobar no período de vixencia do convenio. Tamén se actualizarán anualmente os prezos da man de obra e, gradualmente ao longo do período de vixencia do convenio e os prezos de produtos, e daráselles prioridade aos que teñen máis peso no conxunto dun orzamento de construción.

Esta Base de Datos da Construción de Galicia é de titularidade conxunta da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Instituto Tecnolóxico de Galicia, e colaboran tamén na súa elaboración a Escola de Arquitectura da Universidade da Coruña.

Desde 1993, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Instituto Tecnolóxico de Galicia colaboran na elaboración e actualización da Base de datos da construción.

A base de datos está dispoñible no portal web www.presupuesta.com, no cal se poden consultar, ademais, outras bases de prezos.

A XUNTA RESERVA PARA OS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E AS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL UN 3% DE CONTRATOS PÚBLICOS

- *A Lei de racionalización do sector público autonómico regula desde 2015 esta iniciativa co obxectivo de fomentar e impulsar o emprego entre as persoas con capacidades diferentes e en risco de exclusión*
- *A Administración autonómica adxudicou nos últimos tres anos contratos públicos por valor de máis de 14M€ a este tipo de entidades que xeran emprego e contribúen á inserción sociolaboral dos colectivos con dificultades para atopar un traballo*
- *O Goberno galego, a través da Axenda 20, impulsa o emprego inclusivo e promove a integración laboral das persoas máis vulnerables cun orzamento que supera este ano os 13M€*

A Xunta aprobou a contía dos contratos públicos que reservará para os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, que para 2018 será como mínimo do 3% sobre os contratos marcados na Lei de racionalización do sector público autonómico. O obxectivo da actuación, que está regulada desde 2015 a través desta normativa, ten como obxectivo fomentar e impulsar o acceso ao traballo entre as persoas con capacidades diferentes e en risco de exclusión social.

A normativa recolle que os órganos de contratación da Xunta e os demais entes do sector público dependentes dela deberán reservar a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos aos centros especiais de emprego e ás empresas de inserción laboral, sempre que as prestacións do contrato estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade previstos nos seus estatutos ou regras fundacionais. Deste xeito, a Administración autonómica adxudicou desde 2015 contratos públicos a estas entidades por valor de máis de 14 millóns de euros, e o ano pasado creceu o importe final -que acada os 6 millóns de euros- un 29% con respecto a 2016.

Os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral son entidades que cumpren unha dobre función: xerar emprego e contribuír á inserción sociolaboral dos colectivos con maiores dificultades, como son as persoas con discapacidade e os colectivos en situación ou en risco de exclusión social.

Os centros especiais de emprego teñen por finalidade a integración do maior número de persoas con discapacidade e crean emprego adaptado aos condicionamentos e ás capacidades dos seus traballadores. Estes centros son fórmulas empresariais de emprego protexido que constitúen unha primeira aproximación ao mercado laboral para moitas persoas con capacidades diferentes e, nalgúns casos, como os das persoas que

sofren unha discapacidade máis severa, son a súa principal posibilidade de incorporación a el.

O cadro de persoal dos centros especiais de emprego debe estar constituído polo maior número de persoas traballadoras con discapacidade e, en todo caso, polo menos, por un 70%. Na actualidade, a Comunidade conta con 107 centros especiais de emprego que empregan a 2242 persoas con discapacidade.

As empresas de inserción laboral, pola súa banda, teñen por obxectivo loitar contra as situacións de exclusión social, e a súa finalidade prioritaria é a incorporación ao mercado laboral das persoas en risco ou en situación de exclusión social, proporcionándolles un traballo remunerado e a formación e o acompañamento necesarios para mellorar as súas condicións de empregabilidade e para facilitarles o acceso ao mercado laboral ordinario.

Prioridade nas políticas de emprego

A Xunta, a través da Axenda 20, está impulsando o emprego inclusivo e fomentando a integración laboral das persoas con máis dificultades para atopar un traballo. De feito, as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social son colectivos prioritarios nas políticas activas de emprego que contan cun 25% máis de axuda nos programas para impulsar a contratación.

A aposta do Goberno galego neste ámbito reflíctese tamén noutras actuacións, como son os plans de axudas aos cales destina este ano 13 millóns de euros, un orzamento que se encadra no investimento destinado á economía social. Entre estas iniciativas destacan os apoios dirixidos á integración das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, os incentivos aos centros especiais de emprego e as axudas para promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión.

EDUCACIÓN DESTINA 1,7 MILLÓNS DE EUROS AO DESENVOLVEMENTO DA I+D+i NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- ***Asinarase un convenio de colaboración para realizar, entre outras, actuacións no marco dos campus de especialización Industrial, Innova e Sustentabilidade***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións novas de I+D+i, por un importe de 1.709.000 euros.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións para o desenvolvemento de novas accións estratéxicas neste eido co fin de estruturar e potenciar a actividade investigadora da propia UDC. En concreto, as actuacións centraranse arredor dos campus de especialización Industrial de Ferrol, Innova e Sustentabilidade, ademais de en investimentos materiais e inmateriais en centros de investigación, entre outros.

Deste xeito o departamento educativo da Xunta de Galicia continúa fortalecendo a estratexia de especialización de campus, ademais de ofrecer apoio ao desenvolvemento da investigación universitaria, en consonancia coa aposta polo crecemento intelixente que fai o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

Campus Industrial

No referido ao Campus Industrial de Ferrol, as actuacións céntranse en dar continuidade á súa Oficina, o que permitirá afondar na relación do campus con todos os axentes interesados na actividade investigadora e de transferencia que se vai desenvolver, a través da contratación de persoal e equipamentos e da asistencia técnica para a planificación da Agrupación Estratéxica do Campus Industrial de Ferrol.

Así mesmo, desenvolveranse accións de comercialización, difusión, apoio á coordinación e apoio no deseño e estratexia de difusión do Campus, co fin de dar a coñecer a oferta académica que leva asociada. Ademais, potenciarase a internacionalización, posicionando a oferta académica no exterior, o que vai permitir afianzar e incrementar as relacións en materia de docencia, investigación e transferencia do campus, favorecendo a presenza de estudantes estranxeiros e de iniciativas de colaboración en docencia e investigación con institucións estranxeiras.

A maiores, realizarase un acondicionamento das infraestruturas, equipamento básico e recursos docentes para adaptalos ás novas necesidades docentes, co fin de acadar unha docencia moito máis interactiva, cunha visión práctica e con novos medios tecnolóxicos que estimule a aprendizaxe grupal e a iniciativa emprendedora do estudiantado.

Campus Innova e Sustentabilidade

No que atinxe aos Campus Innova e Campus Sustentabilidade, o convenio recolle actuacións para impulsar a súa posta en marcha e para presentarlle á sociedade estas dúas accións de especialización que se veñen a sumar ao Campus Industrial do Campus de Ferrol.

O principal obxectivo do Campus Innova é consolidarse en áreas de coñecemento vinculadas á innovación nas tecnoloxías da información e comunicación, á innovación aplicada á edificación e enxeñaría civil e ás TIC aplicadas ás humanidades e aos contidos dixitais. No caso do Sustentabilidade, o obxectivo é consolidarse en áreas de coñecemento vinculadas ao urbanismo e á paisaxe, á sustentabilidade ambiental, social e económica e á vida saudable.

Así, entre as accións subvencionables ao abeiro do convenio están os materiais divulgativos e promocionais, así como o servizo de oficina técnica, que permitirá realizar a coordinación de todas as actividades.

Neste mesmo marco, prevense accións de internacionalización centradas en implantar programas académicos bilingües, o desenvolvemento de máis doutorados europeos ou a participación en convocatorias de proxectos de investigación europeos ou programas específicos no eido das TIC.

Investimento material e inmaterial

No terceira liña de actuación, a centrada en investimentos materiais e inmateriais, recóllense as accións dirixidas á mellora de unidades e centros de investigación, renovación tecnolóxica e promoción da investigación e transferencia; a implantación continua de medidas singulares para a potenciación da investigación e da transferencia, as políticas de aforro enerxético, e as reformas que permitan a sustentabilidade dos edificios universitarios.

Entre outros centros, beneficiaranse deste convenio a Escola Internacional de Doutoramento (EID), o Servizo de Apoio á Investigación (Edificio LERD), o Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI), as facultades de Socioloxía e Arquitectura, o Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e Comunicación (CITIC) ou o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DA CESIÓN DUNHA PARCELA NO SAVIÑAO PARA CONSTRUIR O CENTRO DE SAÚDE

- *Ao longo desta lexislatura, máis de 300.000 galegos e galegas van cambiar o seu centro de saúde actual por un novo ou renovado*
- *O novo centro de saúde do Saviñao prestará servizos a máis de 2.800 veciños e veciñas*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión dunha parcela de 2060 m², feita polo Concello do Saviñao a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun novo centro de saúde. O novo centro de saúde prestará servizos a máis de 2800 veciños e veciñas.

A mellora e modernización das infraestruturas en atención primaria é unha prioridade para a Xunta de Galicia. O Servizo Galego de Saúde está a traballar para poñer a disposición da cidadanía galega infraestruturas modernas, con capacidade de resolución de alto nivel de calidade e no lugar máis próximo ao paciente como é a atención primaria.

Ao longo desta lexislatura, máis de 300.000 galegos e galegas van cambiar o seu centro de saúde actual por un novo ou renovado, pois o Executivo que dirixe Alberto Núñez Feijóo está a traballar en 20 novas infraestruturas. Nesta ambiciosa renovación, a Xunta de Galicia vai investir preto de 56 millóns de euros ata o ano 2020.

Mellora da cobertura asistencial

A parcela é propiedade do Concello do Saviñao por título de segregación. Estrema ao norte coa rúa Mercado, ao oeste coa rúa Valle Inclán, e ao sur e leste co resto do predio orixinario.

O Servizo Galego de Saúde e o Concello do Saviñao están interesados en dotar o concello dun novo centro de saúde coa finalidade de mellorar a cobertura asistencial da poboación de referencia.

A cesión do terreo en cuestión, tal e como se especifica no acordo en sesión plenaria, é a título gratuito, polo que non é susceptible de producir unha obriga de contido económico, posto que esta obriga xurdirá no momento en que o Servizo Galego de Saúde tramite os expedientes de redacción do proxecto e contratación de obras.

A XUNTA MANTÉN O SEU COMPROMISO COS CONSELLOS REGULADORES E ACHEGA PRETO DE 500.000 EUROS PARA OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

- ***O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a repartición de axudas para 24 entidades que xestionan as indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa comunidade***

O Goberno galego autorizou as axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores (CCRR) que cada ano achega a Consellería do Medio Rural para contribuír ao seu traballo diario. Neste exercicio mantense o orzamento de 480.000 euros que se distribuirá entre 24 entidades segundo criterios obxectivos de repartición.

En concreto, tívose en conta, como todos os anos, aspectos relacionados coa dispersión da área xeográfica da denominación, o peso dos ingresos propios respecto dos gastos totais e o peso dos custos de persoal fronte ao total. Así, estas 24 entidades recibirán entre 11.500 e 28.000 euros cada unha para cubrir todo tipo de gastos de traballo e facilitar o seu labor de todo o ano.

Entre os gastos subvencionables están os custos de persoal, incluídas as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF, e bens correntes e de servizos relacionados coa actividade normal dos consellos reguladores, tales como: alugueiro de locais, bens funxibles, electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxaría, pólizas de seguros, gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, etc.

A través destas axudas a Xunta contribúe ao desenvolvemento das funcións destas entidades, claves no fomento e na promoción da súa produción e no control dos alimentos de calidade. As subvencións son de especial relevancia para aqueles consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

Ademais, estas non son as únicas achegas que reciben os CCRR por parte da Consellería do Medio Rural. Existe outra orde específica para eles destinada a subvencionar os programas de calidade que desenvolven co fin de mellorar e controlar a calidade e a orixe dos produtos amparados por algunha denominación xeográfica de calidade ou acollidos á produción ecolóxica. Neste ano hai reservados 300.000 euros a este fin, a mesma cantidade que en 2017.

O sector agroalimentario dos produtos de calidade supón unha facturación anual duns 400 millóns de euros e implica case 30.000 explotacións agrarias (moitas delas de carácter familiar) e 900 industrias polo que ten unha grande importancia tanto desde o punto de vista económico como social.

PRETO DO 90% DOS CONCELLOS GALEGOS TERÁ SUBSCRITOS CON MEDIO RURAL CONVENIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS ESTE VERÁN

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a incorporación de melloras aos acordos xa asinados con ata 19 municipios e mancomunidades***
- ***Así mesmo, súmanse unha ducia de entidades locais a estes convenios que ata o de agora non formalizaran a súa colaboración***

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha serie de incorporacións aos convenios que ten subscritos a Consellería do Medio Rural cos concellos galegos para a prevención e extinción de incendios. Deste xeito, este verán preto do 90% dos municipios da nosa comunidade terán asinado este acordo nalgunha das súas tres liñas de actuación: a participación na defensa contra os incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal, a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en vías de titularidade municipal ou a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de traballos de prevención de forma manual. As tres liñas son subvencionadas pola Consellería.

Entre os compromisos adquiridos polo Goberno galego tras a vaga de lumes estaba o de incrementar o número de municipios que dispoñan destes acordos e, tras un importante esforzo, logrouse aumentar a cifra. Medio Rural contactou con cada un dos gobernos locais para lembrarlles a súas obrigas e seguir ofrecendo a colaboración da Xunta de Galicia no seu cumprimento. Así, hoxe súmanse 12 novos municipios á lista de concellos colaboradores (Ferrol, Neda, Ponteceso, O Incio, San Cristovo de Cea, Baiona, Crecente, Dozón, Nigrán, Oia, Tui e Vigo) e outros 19 mellorarán os seus compromisos con máis brigadas, motobombas ou hectáreas para a roza. Son Arteixo, Boqueixón, Oza-Cesuras e Porto do Son, na provincia da Coruña. En Lugo, Cervantes, Mondoñedo, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro e Pol. Na provincia de Ourense, Baños de Molgas, Boborás, Coles, A Peroxa, Porqueira, Sarreaus e a Mancomunidade do Ribeiro, e en Pontevedra, Lalín, A Lama, e Portas.

Chegamos así a ter 278 concellos con convenio, dos cales 204 contarán con brigadas propias. En total haberá 290 brigadas despregadas en Galicia este verán a través destes convenios, que formarán parte do operativo de prevención e extinción. En canto ás motobombas, chegarase a ter 115 de titularidade municipal e ata 18.203 hectáreas para a roza baixo estas subvencións da Xunta.

En total, a Consellería do Medio Rural investirá 11,7 millóns de euros nestes convenios, orzamento que se poderá incrementar en caso de que se sumen novos concellos. De feito, a Xunta móstrase aberta a seguir sumando municipios ata chegar ao 100% con fin de axudar os concellos nas súas obrigas.

Neste sentido, cómpre lembrar que, como novidade, este ano haberá tamén un convenio coa Fegamp para axudar os gobernos locais a cumprir coas súas obrigas no ámbito das redes secundarias de xestión da biomasa e para o cal se achegarán outros seis millóns de euros.

A CONSELLERÍA DO MAR DESTINA MÁIS DE 163.000 EUROS A FOMENTAR A ESPECIALIZACIÓN MARÍTIMO- PESQUEIRA A TRAVÉS DE OITO BOLSAS DE FORMACIÓN

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso do gasto destas bolsas de especialización, dirixidas a titulados en ciclos formativos de Acuicultura, Análise e Control, e Anatomía Patolóxica e Citodiagnose***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o compromiso do gasto para a convocatoria de oito bolsas de formación dirixidas a titulados de ciclos formativos de grao superior en materia de Acuicultura, Análise e Control, e Anatomía Patolóxica e Citodiagnose. Para o financiamento destas estadías, a Consellería do Mar destina 163.200 euros para as anualidades 2018, 2019 e 2020 co fin de fomentar a investigación e especialización nestas materias.

Estas bolsas de especialización post-formativa son para a realización de prácticas como persoal auxiliar de investigación mariña. Así, ofreceráselles aos bolseiros a oportunidade de participar en experiencias e programas específicos de investigación, facilitándolles unha preparación práctica cualificada e de probada utilidade para a inserción na vida empresarial.

A formación realizarase durante dous anos no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Corón e no de Ribadeo. A Consellería do Mar aposta pola especialización do alumnado e por facilitar o seu acceso ao mundo laboral; de aí o interese en convocar estas bolsas.

Poderán optar a estas bolsas todos os alumnos titulados como técnicos en Acuicultura, técnicos en Análise e Control e Técnicos en Anatomía Patolóxica e Citodiagnose. O importe de cada bolsa inclúe unha asignación mensual bruta de 800 euros e a alta no réxime xeral da Seguridade Social. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día da publicación da orde no DOG.

A XUNTA IMPULSA CON 1,3M€ A IGUALDADE, A CONCILIACIÓN E A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL EN 340 PEMES GALEGAS

- *O programa inclúe incentivos de ata 12.000€ para promover entre as pemes, micropemes e autónomos a obtención de certificados en RSE, a elaboración e implantación de plans de igualdade e a conciliación con apoios ao teletraballo e para a flexibilidade horaria*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria reforza esta iniciativa incrementando o orzamento nun 61% con respecto a 2017*
- *O Goberno galego aposta por que o tecido empresarial implante unha xestión baseada en comportamentos responsables, xa que a competitividade das empresas crecerá se existe un compromiso coa economía verde e a responsabilidade*
- *O obxectivo é garantir a saúde e o benestar dos traballadores e un uso eficiente dos recursos procurando unha sociedade inclusiva que integre perfís diversos*
- *Galicia é pioneira a nivel nacional na RSE, e en 2012 foi unha das primeiras comunidades en poñer en marcha un plan específico neste ámbito*

A Xunta impulsa este ano con 1,3 millóns de euros nas pemes, micropemes e autónomos de Galicia a igualdade laboral, a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e a responsabilidade social empresarial (RSE) con axudas que poden chegar ata os 12.000 euros por empresa. O Goberno galego, no seu obxectivo de garantir a saúde e o benestar dos traballadores e traballadoras, reforza este programa de apoios incrementando o seu orzamento en preto dun 61% con respecto a 2017, o que permitirá beneficiar 340 firmas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria busca con esta actuación que se autorizou hoxe no Consello da Xunta fomentar a RSE, a igualdade de xénero no ámbito laboral, a corresponsabilidade e a conciliación dos traballadores e traballadoras en equilibrio coas necesidades organizativas da empresa. As compañías que avogan por unha xestión baseada en comportamentos responsables son máis competitivas e desenvolven produtos e servizos de maior valor, o que tamén repercute na cidadanía.

A iniciativa establece tres liñas de axudas. Para a implantación da RSE apoiarase a obtención de certificacións ou de informes de verificación ou validación de códigos de conduta, normas ou estándares neste ámbito financiando o 80% dos custos do proceso de certificación ou verificación, cun máximo de 3000 euros por empresa.

Así mesmo, apoiarase o proceso para a elaboración e implantación de plans de igualdade co 80% dos custos cun máximo de 3000 euros por compañía. Este ano, como novidade, financiarase o proceso para poñer en marcha este tipo de plans. O pasado ano estas axudas dirixíanse ás compañías que certificaban que dispoñían destes proxectos.

En terceiro lugar, para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal establécense incentivos para o fomento do teletraballo e da flexibilidade horaria con axudas de 3000 euros por persoa traballadora beneficiada, cun límite máximo de 12.000 euros por empresa. Este incentivo incrementarase en 1000 euros para aquelas empresas nas que a taxa de ocupación feminina sexa, polo menos, igual que a masculina.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén dispón de axudas para a adquisición de elementos tecnolóxicos que faciliten o teletraballo; financiarase ata o 80% do investimento co tope de 1500 euros por persoa traballadora beneficiada e co límite máximo de 5000 euros por empresa. A intensidade desta axuda verase incrementada nun 10% para aquelas empresas en que a taxa de ocupación feminina sexa, cando menos, igual á masculina.

Gañar en competitividade

Esta actuación enmárcase na Axenda 20 para o Emprego, no programa Emprega feminino e no Plan de conciliación e corresponsabilidade da Xunta. Para o Goberno galego é na actualidade unha prioridade difundir os valores da RSE entre o tecido produtivo, axudando as empresas a crecer e gañar en competitividade.

Neste ámbito, a Xunta conta con outras ferramentas e programas para a divulgación da RSE, como Responsabilízate, de asesoría personalizada ás pemes, ou Xeración Responsable, para inculcar entre a mocidade a importancia que ten no día a día a integración de comportamentos socialmente responsables. Así mesmo, o Goberno galego impulsa o Grupo de Representación Empresarial Galego en RSE, formado por 13 empresas, que levan, coa colaboración da Administración autonómica, as súas experiencias ás pequenas e medianas empresas.

Galicia é pioneira a nivel nacional na aposta pola RSE para acadar un verdadeiro emprego estable e de calidade. De feito, foi en 2012 unha das primeiras comunidades en poñer en marcha un plan específico de RSE. Do que se trata, en definitiva, é de poñer a RSE no centro do modelo empresarial que se quere impulsar desde Galicia, xa que a competitividade das empresas crecerá se existe un verdadeiro compromiso coa economía verde e responsable.

A XUNTA FOMENTA O EMPREGO NO RURAL COA CONTRATACIÓN DE 539 PERSOAS DESEMPREGADAS EN 253 CONCELLOS, 26 DELES 'EMPREENDEDORES'

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria resolveu o programa Apról Rural que, con máis de 6M€ de investimento, incentiva durante 9 meses a tempo completo a contratación para realizar tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e valorización forestal*
- *Esta convocatoria, na cal unha das principais novidades foi priorizar os Concellos Emprendedores, supón un 23% máis de investimento e un 26,8% máis de contratacións con respecto ao ano 2017*
- *Incluído no Programa de formación e emprendemento no rural, o obxectivo desta medida é mellorar as oportunidades laborais e fixar habitantes nas zonas menos poboadas de Galicia*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria informou esta mañá no Consello da Xunta da resolución da convocatoria do programa Apról Rural para este ano 2018, da cal se beneficiarán 539 persoas desempregadas de 253 concellos rurais galegos, 26 deles *Concellos Emprendedores*.

A Administración autonómica impulsa, deste xeito, o emprego no eido rural destinando máis de 6 millóns de euros a incentivar a contratación de desempregados, durante 9 meses a tempo completo, para que realicen tarefas de silvicultura, biomasa ou limpeza de montes.

Este ano, precisamente, introduciuse como principal novidade que os contratos terán que estar relacionados coa valorización do sector forestal, ao tempo que se priorizaron nestes apoios os *Concellos Emprendedores*. É dicir, tiveron prioridade no Apról Rural as administracións locais que se adheriron ao convenio asinado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para fortalecer a captación de investimento en Galicia, un acordo enmarcado na nova Lei de implantación empresarial.

En total 26 Concellos Emprendedores beneficiáronse destas axudas. En concreto, son catro da Coruña (Coirós, Dodro, Frades e A Laracha); sete de Lugo (Mondoñedo, O Saviñao, Taboada, As Nogais, O Vicedo, Samos e Monforte de Lemos); 12 de Ourense (A Teixeira, Montederramo, San Cristovo de Cea, Oímbra, Cortegada, Quintela de Leirado, Cenlle, Monterrei, Bande, Vilamarín, Cualedro e Pontedevea), e tres de Pontevedra (Mos, Arbo e Moraña). Ningún *Concello Emprendedor* que solicitou a axuda quedou sen ela e, de media, recibiron ao redor de 22.000 euros máis que o resto de concellos beneficiarios (o dobre de axudas) e puideron contratar dous traballadores máis que o resto de municipios.

En global, o Goberno galego priorizará este ano máis de 80 millóns de euros para os *Concellos Emprendedores* a través de diferentes convocatorias de obradoiros e programas integrados de emprego, Aprod Rural e contratación de axentes locais de emprego; parques empresariais, viveiros industriais e biomasa; e apoios aos mercados excelentes e espazos activos de emprendemento.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Aprod Rural, financiará o equivalente á totalidade dos custos salariais nos contratos, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social segundo estea marcado no convenio colectivo vixente no momento en que o Concello formulou a súa solicitude.

Esta liña de axudas forma parte do Plan de formación e emprendemento no rural que o departamento de Economía, Emprego e Industria activou por primeira vez o pasado ano con 30 millóns de euros para mellorar as oportunidades laborais do rural e para dar un impulso aos traballadores das zonas menos poboadas de Galicia, ao tempo que se fixa poboación.

Con respecto ao ano pasado, destínase un 23% máis de orzamento que facilita a contratación dun 26,8% máis de desempregados que contarán cunha oportunidade para acceder ao mercado laboral. Ademais, este ano o número de concellos galegos que se benefician deste programa medra un 15,5%, e pasa dos 219 da edición anterior aos 253 desta convocatoria.

A XUNTA DE GALICIA ACTIVARÁ UN CONXUNTO DE MEDIDAS PARA MELLORAR O PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DA DISCAPACIDADE

- *Reforzarse o persoal, levarase a cabo o recoñecemento automático da discapacidade baixo determinados supostos, mellorarase a xestión das citas, abordarase a simplificación do procedemento de solicitude e impulsarase a utilización da Historia Social Única*
- *O obxectivo é reducir o tempo de espera na resolución das solicitudes e para isto a Administración autonómica investirá máis dun millón de euros na posta en marcha destas melloras*

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta celebrado esta mañá un paquete de medidas co obxectivo de mellorar o procedemento da valoración da discapacidade e reducir as listas de agarda. Así as cousas, a primeira das actuacións que está previsto levar a cabo permitirá reforzar o persoal dos equipos de valoración para garantir o seu bo funcionamento e a creación de 14 novos equipos, o que suporá un incremento dun 74% ao pasar dos 19 equipos actuais aos 33.

Así, seis dos novos equipos estableceranse en Pontevedra, catro en Vigo, mentres que A Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense contarán cun novo equipo cada unha delas. O custo desta medida ascende aproximadamente a 1.080.000 euros, que se destinarán á contratación por un período de tempo de seis meses dun total de 51 profesionais: 16 médicos, 15 psicólogos, 14 traballadores sociais e seis auxiliares. Prevese que os novos equipos entren en funcionamento a partir do vindeiro mes de xuño.

Por outra banda e dado que case un 30% das citas de valoración son canceladas ou non realizadas, poranse en marcha medidas para mellorar a súa xestión, incluíndo actuacións relativas á confirmación e substitución de citas programadas que permitan incrementar o número de valoracións diarias realizadas. Neste sentido, porase en marcha con carácter inmediato un servizo de confirmación e recordatorio de citas a través de SMS, remitido ao solicitante ou á persoa de contacto designada, para evitar a non asistencia ás citas de valoración programadas.

Así mesmo, dentro deste conxunto de medidas, recoñecerase un grao de discapacidade do 33% de xeito automático a aquelas persoas ás cales a Seguridade Social lles teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou grande invalidez.

Tamén se levará a cabo un proceso de revisión do procedemento de valoración da discapacidade e a simplificación do modelo de solicitude, evitando a achega de documentación a que se poida ter acceso se o solicitante autoriza a súa consulta. O obxectivo é que o documento sexa o máis sinxelo e comprensible.

Ademais, coa extensión do acceso e utilización da Historia Social Única Electrónica (HSUE) –plataforma que integra nun mesmo sistema todos os datos relativos á historia social do solicitante- facilitarase a coordinación de todos os axentes que interveñen no procedemento, á vez que se eliminará a necesidade de achegar documentación necesaria no proceso de valoración da discapacidade.

E, por último, daráselles prioridade na valoración da discapacidade a persoas con ELA para que a súa resolución se emita no prazo máximo dun mes desde o momento da solicitude. No futuro considérase a posibilidade de estender esta tramitación urxente a outras persoas con patoloxías con características semellantes.

Todas as medidas expostas hoxe teñen como obxectivo reducir de xeito importante a lista de espera e supoñen un novo esforzo da Xunta de Galicia no impulso da atención ás persoas con discapacidade. De feito, nos orzamentos de 2018 a partida económica destinada a este colectivo aumenta un 8,6% con respecto ao exercicio pasado ata acadar os 102,8 millóns de euros, 27,5 millóns de euros máis que os que existían na anualidade de 2009.